



***DON JOSÉ ANTONIO MOURELLE CILLERO, SECRETARIO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (Lugo)***

**CERTIFICA**

Que a Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada o día 1 de xullo do 2019, adoptou entre outros o seguinte acordo:

**“30.-DESESTIMACIÓN RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. JOSE RAMON CANDAL MIRANDA E D. ALBERTO RINCON BUENO CONTRA ACORDO APROBACIÓN BASES POLICIA LOCAL POR MOBILIDADE**

Antecedentes Administrativos.

1º.- Como consta na providencia de data 20/03/2019 da Concellería de Réxime Interno, Servizos Sociais e Discapacidade, vistas as solicitudes de acceder á xubilación anticipada durante o ano 2019 presentadas polos axentes da nosa Policía Local Don Fernando Quiroga Souto en data 30/01/2019 e don Armando Rodríguez Martínez en data 24/01/2019 e o disposto na disposición adicional centésima sexaxésima quinta da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado establece:

*“Disposición adicional centésima sexagésima quinta Tasa adicional de reposición de la policía local Adicionalmente a lo previsto en el artículo 19 de esta Ley, y con el fin de garantizar el ejercicio de las funciones de las Administraciones Públicas en materia de seguridad y orden público, en el supuesto de que en aplicación de lo establecido en el artículo 206.1 del Texto Refundido de la Ley General de la Seguridad Social se produzca el anticipo de edad de jubilación de los policías locales, las Entidades Locales podrán disponer durante 2018, exclusivamente para este colectivo, de una tasa adicional de reposición determinada por el número de bajas que se prevean en este ejercicio y en el ejercicio 2019 como consecuencia de dicho adelanto de la edad de jubilación. Esta tasa adicional se descontará de la que pudeira corresponder en los ejercicios 2019 y 2020.”*

E ante a situación da plantilla de policía local municipal que na actualidade so conta con 15 efectivos, resulta necesario proceder a selección de dous axentes de policía local, escala básica, grupo C1, polo sistema de mobilidade previsto na Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais.

Redactáronse as polas que debería rexerse a Convocatoria, con especificación do programa, probas, formas de cualificación e composición do Tribunal, conforme dispón a lexislación vixente para a cobertura de ditas prazas polo sistema de mobilidade.

2º.- Un borrador de ditas bases foi remitido á dirección xeral de Emerxencias e Interior para que emitirá o seu informe como establece o artigo 16 da lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais.



**FIRMAS Y FECHAS**

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 02/07/2019  
JOSE TOME ROCA-Alcalde - Presidente - 02/07/2019  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 02/07/2019 16:32:00





3º.- O 25/04/2019 con Re 6245 ten entrada o informe solicitado, do seguinte tenor literal:

*“Asunto: Informe sobre adecuación á normativa de coordinación de policías locais de Galicia das bases da convocatoria de proceso selectivo para prazas de persoal de policía local*

*Examinadas as bases da convocatoria do proceso selectivo para a cobertura de dúas prazas de policía local polo sistema de mobilidade, considérase o seguinte:*

*1. En xeral, as bases da convocatoria son acordes coa Lei 4/ 2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais ( LCPL) e a súa normativa de desenvolvemento.*

*2. Requisitos para participar: ademais do requisito de antigüidade, ás persoas aspirantes deberan lle faltar como mínimo doce anos para o pase á situación de segunda actividade. ( artigo 35 do Decreto 243/ 2008, do 16 de outubro)*

*3. Tribunal: deberase ter en conta a normativa en materia de igualdade para a composición paritaria do tribunal examinador ( artigo 34 da LCPL, e art. 6.1 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro)*

*Este informe encádrase no marco competencial previsto no artigo 16 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais de Galicia, para o establecemento de medidas de control e seguimento necesarias para garantir que os concellos apliquen as normas de coordinación, sen prexuízo de calquera outro criterio fundado en dereito .”*

4º.- A vista do informe indicado introduciuse o requisito obxecto de recurso nas bases, que contando cos informes pertinentes foron aprobadas na XGL de data 29/04/2019, publicadas integramente no BOP de Lugo N°108 do luns 13 de maio, o 27 de maio do 2019 publicouse anuncio ó respecto no DOGA e o 5 de xuño do 2019 no BOE, polo que o prazo de presentación de instancias se atopa aberto a data deste informe.

5º.- O 18/06/2019 con RE 9430 ten entrada neste concello recurso de reposición de don JOSE RAMON CANDAL MIRANDA E don ALBERTO RINCON BUENO contra o acordo de XGL de data 29/04/2019 aprobando as bases que nos ocupan.

Lexislación aplicable.

- RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Réxime Local (LBRL)
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aproba o Texto Refundido de las disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais.
- Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais.





- Orde de 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais....,
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e los programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local (de carácter supletorio).
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado.

Consideracións xurídicas

PRIMEIRO. – Conforme a lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo Común, artigos 123 e 124:

*“Artículo 123 Objeto y naturaleza*

*1. Los actos administrativos que pongan fin a la vía administrativa podrán ser recurridos potestativamente en reposición ante el mismo órgano que los hubiera dictado o ser impugnados directamente ante el orden jurisdiccional contencioso-administrativo.*

*2. No se podrá interponer recurso contencioso-administrativo hasta que sea resuelto expresamente o se haya producido la desestimación presunta del recurso de reposición interpuesto.*

*Artículo 124 Plazos*

*1. El plazo para la interposición del recurso de reposición será de un mes, si el acto fuera expreso. Transcurrido dicho plazo, únicamente podrá interponerse recurso contencioso-administrativo, sin perjuicio, en su caso, de la procedencia del recurso extraordinario de revisión.*

*Si el acto no fuera expreso, el solicitante y otros posibles interesados podrán interponer recurso de reposición en cualquier momento a partir del día siguiente a aquel en que, de acuerdo con su normativa específica, se produzca el acto presunto.*

*2. El plazo máximo para dictar y notificar la resolución del recurso será de un mes.*

*3. Contra la resolución de un recurso de reposición no podrá interponerse de nuevo dicho recurso.”*

Dentro do prazo establecido para a interposición de recurso de reposición o interesado presenta tal recurso.

SEGUNDO.- Procede analizar e resolver as cuestións plantexadas polos recurrentes de xeito individualizado e sistemático.

O recurso baséase nos seguintes puntos:

Entenden os recurrentes que o requisito esixido nas bases que nos ocupan de : *“(…)os aspirantes deben faltarlle como mínimo doce anos para o pase a situación de segunda actividade”*. Derivado do artigo 35 do Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, conculca o principio de non discriminación por razón de idade e polo tanto o artigo 23 da nosa Carta Magna en relación ó artigo 14 da mesma norma.





Anuncian os recorrentes que procederan a presentar recuso indirecto contra o mencionado precepto.

O outro motivo de impugnación aducido polos recorrentes consiste na consideración destes de que a redacción do artigo 41. B da lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais trala modificación efectuada en dita norma e artigo pola lei 9/2016 de 8 de xullo o non referirse o requisito de faltar como mínimo doce anos para o pase a segunda actividade supón a prevalencia desta norma sobre Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais.

TERCEIRO.-Examinado o primeiro motivo do recurso, debemos ter en consideración os artigos 23 e 14 da nosa constitución que ó respecto indican:

*Artigo 23.2. Asimismo, tienen derecho a acceder en condiciones de igualdad a las funciones y cargos públicos, con los requisitos que señalen las leyes.*

*Artigo 14. Los españoles son iguales ante la ley, sin que pueda prevalecer discriminación alguna por razón de nacimiento, raza, sexo, religión, opinión o cualquier otra condición o circunstancia personal o social.*

Unha vez examinados os preceptos, baste dicir que non compete a este concello pronunciarse sobre a constitucionalidade do precepto que determina a introdución do requisito que nos ocupa para tomar parte no proceso selectivo, pois solo o tribunal constitucional pode pronunciarse ó respecto.

A esta circunstancia únese o feito de que tras mais de dez anos de vixencia do Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, o precepto en cuestión o art. 35 da citada norma continua en vigor pois nunca foi declarada a súa inconstitucionalidade, polo que a este concello solo lle queda acatar e aplicar a normativa aplicable.

Máxime, cando o requisito que motiva o recurso que agora se informa, foi incluído nas bases obxecto do mesmo a raíz do ditame da dirección xeral de Emerxencias e Interior, quen nos indicou que se debía esixir tamén dito requisito.

Por outra banda, debese subliñar que non nos atopamos ante un requisito de acceso ó emprego publico, pois os participantes no proceso de mobilidade xa son empregados públicos, ós cales o sistema de mobilidade lles facilita unha vía para cambiar de destino, permitíndolles optar a prazas noutros concellos.

Por último indicar que o artigo 6 da Directiva 2000/78 do Consello, de 27 de novembro de 2000, relativa ó establecemento dun marco xeral para a igualdade de trato no emprego e na ocupación, establece:

*«1. No obstante lo dispuesto en el apartado 2 del artículo 2, los Estados miembros podrán disponer que las diferencias de trato por motivos de edad no constituirán discriminación si están justificadas objetiva y razonablemente, en el marco del Derecho nacional, por una*





*finalidad legítima, incluidos los objetivos legítimos de las políticas de empleo, del mercado de trabajo y de la formación profesional, y si los medios para lograr este objetivo son adecuados y necesarios.*

*Dichas diferencias de trato podrán incluir, en particular:*

[...]

***c) el establecimiento de una edad máxima para la contratación, que esté basada en los requisitos de formación del puesto en cuestión o en la necesidad de un período de actividad razonable previo a la jubilación.***

Permitindo polo tanto á a introdución do requisito de faltarlle como mínimo doce anos para o pase a situación de segunda actividade, que o que trata de garantir é, precisamente, un período mínimo de prestación de servizo antes do pase a sita situación de segunda actividade.

CUARTO.- En canto o segundo motivo de impugnación aducido polos recorrentes, que entenden que a superior xerarquía normativa da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, como lei autonómica sobre o Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais que a desenrola anula o requisito esixido polo artigo 35 do decreto 243/2008 indicado, tal motivo debe ser desestimado posto que o regulamento, neste caso o decreto Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais e unha norma cuxa finalidade principal e complementar a lei, desenrolándoa en aspectos que, se se tiveran que determinar en trámites parlamentarios aumentarían exponencialmente e mais aló do razoable a tramitación das normas legais.

Unha vez aclarado isto, debese sinalar que non existe contradición algunha entre os preceptos indicados polos recorrentes da lei e do regulamento que nos ocupan, pois que a lei 4/2007 no seu artigo 41.b esixa unha antigüidade mínima de 3 anos nun posto de policía local non obsta que para participar nos procesos de mobilidade o decreto 243/2008 se esixa pola súa banda no artigo 35 do mesmo que os aspirantes lle faltan mais de doce anos para a alcanzar a idade da segunda actividade.

Polo exposto procede desestimar o recurso de reposición que nos ocupa.

A vista do que antecede, a Xunta de Goberno Local, adopta por unanimidade o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición interposto por don JOSE RAMON CANDAL MIRANDA e don ALBERTO RINCON BUENO contra o acordo de XGL de data 29/04/2019 aprobando as bases do proceso selectivo de dous axentes de policía local polo sistema de mobilidade, polos motivos expostos nos fundamentos de dereito deste informe.

SEGUNDO.- Notificar a mesma aos interesados e informarlles que contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderá o interesado interpor recurso





contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación.”

E para que así conste e coa salvedade prevista no artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde,

En Monforte de Lemos. Asinado na data da sinatura dixital.



FIRMAS Y FECHAS

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 02/07/2019  
JOSE TOME ROCA-Alcalde - Presidente - 02/07/2019  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 02/07/2019 16:32:00





**FIRMAS Y FECHAS**

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 02/07/2019  
JOSE TOME ROCA-Alcalde - Presidente - 02/07/2019  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 02/07/2019 16:32:00

